

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 12 de marzo de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 06 de febreiro de 2025.
- * Aprobación do calendario académico para o curso 2025/2026.
- * Aprobación do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2025/2026.
- * Aprobación das modificacións na “Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, ás categorías de profesorado permanente laboral e de profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo”.
- * Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2025/26.
- * Aprobación da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2025.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.